



Política Ambiental do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia quere amosar o seu compromiso pola adopción de iniciativas que permitan un desenvolvemento sostible na súa xestión e actividade, asumindo a súa responsabilidade activa na procura dun medio ambiente mellor, e a de concienciar e sensibilizar a poboación na loita fronte ao Cambio Climático.

Esta responsabilidade querémola plasmar cunha serie de compromisos firmes por medio da posta en marcha dun Sistema de Xestión Ambiental baseado na Norma Europea Iso 14001:2004, e o Regulamento (CE) N° 761/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de marzo, polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditoría medioambiental (EMAS) e modificado polo Regulamento 196/2006.

O Parlamento de Galicia quere facer un uso eficiente dos recursos naturais que emprega, previr e reducir ao máximo a contaminación que se pode xerar co desenvolvemento da súa actividade, na procura dunha xestión respectuosa co medio ambiente, impulsando entre o persoal un comportamento responsable que redunde na mellora do entorno, así coma a de propiciar exemplos que poidan servir de referente á sociedade na adopción de medidas a prol dun desenvolvemento sostible.

No marco desta Política Ambiental, o Parlamento de Galicia asume os seguintes compromisos:

- MANTER E MELLORAR DE MANEIRA CONTINUA O COMPORTAMENTO AMBIENTAL DA NOSA INSTITUCIÓN mediante a implantación e mantemento dun Sistema de Xestión Ambiental, que permita unha organización interna máis adecuada, a dotación dos recursos necesarios, a avaliación dos impactos no entorno, e a proposición de obxectivos e metas para dar cumprimento desta política ambiental.
- O establecemento e revisión dos obxectivos e metas ambientais, mediante o proceso de REVISIÓN ANUAL a cargo da dirección.
- Cumprir coa LEXISLACIÓN MEDIOAMBIENTAL APLICABLE, así coma outros requisitos que o Parlamento de Galicia acorde voluntariamente, superando as súas prescricións cando sexa posible e promovendo a adaptación á normativa futura dunha forma eficaz e eficiente.
- Coñecer e avaliar os impactos medioambientais derivados da nosa actividade para así poder incluír as consideracións ambientais nas decisións de xestión, orientadas á conservación e aforro dos recursos e boas prácticas ambientais, adoptando procesos de redución, reutilización e reciclaxe dos residuos, uso eficiente da auga, a optimización enerxética e uso de enerxías alternativas. O compromiso que se adquire enfócase á PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN E LOITA FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO.
- Fomentar a PARTICIPACIÓN, IMPLICACIÓN E O SENTIDO DE RESPONSABILIDADE AMBIENTAL de tódalas persoas que traballan na institución, a través dunha comunicación, formación e concienciación axeltadas, e atendendo ao nivel de responsabilidade e a actividade que desenvolve cada un deles.



- DIFUNDIR ESTA POLÍTICA AMBIENTAL entre o persoal, usuarios da institución, provedores e público en xeral, coa finalidade de sensibilizar e concienciar nos valores que promoven a protección e mellora medioambiental e saúde do Planeta.

Aprobado pola Mesa do Parlamento na súa sesión de 21 de abril de 2008.

Asinado